

O acceso ás prestacións laborais mínimas en Celaya (Guanajuato, México) baixo unha perspectiva de xénero

*Access to Minimum Labour Benefits in Celaya
(Guanajuato, Mexico) from a Gender Perspective*

DOLORÉS GUADALUPE ÁLVAREZ OROZCO

Universidade Politécnica de Guanajuato (México)

<dalvarez@upgto.edu.mx>

JOSÉ FELIPE OJEDA HIDALGO

Universidade Politécnica de Guanajuato (México)

<jojeda@upgto.edu.mx>

MARÍA-DOLORÉS SÁNCHEZ-FERNÁNDEZ

Universidade da Coruña, Departamento de Empresa, Facultade de Economía e Empresa, Elviña,

15071 A Coruña, España

<maria.sanchezf@udc.gal>

Recibido: 30/06/2016

Aceptado: 28/07/2016

Resumo

Este documento ten como finalidade examinar as posibles diferenzas de xénero no acceso ás prestacións laborais mínimas dos traballadores da cidade de Celaya (Guanajuato, México), unha mostra dos cales foi enquisada durante o primeiro semestre de 2016. A investigación realizouse cun enfoque cuantitativo e un deseño non experimental transversal, e o seu principal achado foi que existe unha diferenza de medias entre os xéneros, dos cales o feminino é o que conta cun rango medio inferior.

Palabras chave: xénero, prestacións laborais, capital humano.

Abstract

This document aims to identify the existence of differences by gender in the access to minimum labour benefits. The research had a quantitative approach with a non-experimental transactional design; a survey was carried out to workers from the city of Celaya, during the first half of 2016. The main findings were: there is a difference of means between the genders. This has an average range lower than that of man.

Keywords: *Gender, Labour benefits, Human capital.*

1. Revisión da literatura

De acordo coa Organización Internacional do Traballo (OIT) (2016a), as economías con altas taxas de participación da forza feminina de traballo son menos propensas a sufrir unha desaceleración económica, pois a inclusión das mulleres no mercado de laboral acrecenta o seu potencial produtivo e diminúe a pobreza. Ora ben, México, para o caso, está lonxe de contar cun mercado de traballo inclusivo. Segundo Székely (2007), nove de cada dez mulleres senten que os seus dereitos a unha retribución xusta e un tratamento igualitario non son respectados, o que o devandito autor entende que ten a súa orixe na asignación de roles no seo das familias: as mulleres vense restrinxidas aos labores domésticos, o que limita as súas oportunidades.

Aguilar-Morales e Blanco-Ruiz (2008) mencionan que as mulleres sofren discriminación no acceso ao traballo e nos salarios, coa agravante das probas de embarazo que lles son solicitadas para optar a un emprego. Pola súa vez, Salas e Leite (2007) comentan que o traballo extradoméstico remunerado desempeñado pola muller mostrou una tendencia positiva, mais, con todo, as condicións de traballo e os salarios femininos exhiben unha persistente diferenza cos dos homes. Martínez e Acevedo (2004) acharon que as mulleres, con tal de resultaren competitivas, permanecen máis anos no traballo e acurtan os períodos de ausencia para ter e coidar os seus fillos.

Segundo os postulados básicos da teoría neoclásica sobre os mercados de traballo, se as mulleres participasen cada vez máis nas actividades profesionais, se obtivesen unha maior educación e máis experiencia laboral, produciríase a unha reestruturación importante no tocante ás súas preferencias respecto do tipo de ocupación en que se empregan e as remuneracións que se lles ofrecerían e aceptarían. Non obstante, a evidencia empírica indica que a discriminación salarial e a segregación ocupacional son fenómenos aínda vixentes (Martínez e Acevedo, 2004, p. 66). Segundo o informe sobre a fenda de xénero do Foro Económico Mundial (2016), México atópase na posición 66.^a de 144 países¹.

A OIT (2016b) informou de que a crise causou unha diminución da fenda de xénero no tocante ao desemprego, pero isto debeuse particularmente a que os empregos

¹ Este dato ten catro compoñentes: acceso á educación, en que a posición de México é a 51.^a; saúde e taxa de supervivencia, en que ten o 1.^o posto; empoderamento político, en que se acha no 34.^o lugar; e participación e oportunidade económica, en que ocupa o 122.^o posto.

desempeñados de forma maioritaria polos homes foron os que experimentaron os procesos de desaceleración máis profundos. Debe notarse que as mulleres continúan a sufrir un grao de desemprego máis intenso, e que os traballos a que teñen acceso, en gran medida, son catalogados como vulnerables.

Existen posturas que xustifican as desigualdades en función dos méritos. Respecto diso, Dubet (2015) indica que unha argumentación baseada nos méritos sería aceptable a condición de que os individuos fosen plenamente libres e responsables do que lles acontece. Este non é o caso das mulleres, dado que non está nas súas mans elixir o seu xénero e con iso un determinado acceso ás oportunidades educativas. Con base nestes argumentos, o devandito autor pon de relevo que o mérito non é o único criterio que determina retribucións e recompensas. Abramo (2003), pola súa vez, vincula a desigualdade aos estereotipos existentes sobre os homes e as mulleres no traballo, os cales considera que constitúen un factor importante na persistencia e reprodución das distintas formas de discriminación que afectan ás mulleres en América Latina.

Estes fenómenos discriminatorios das mulleres nos mercados de traballo intensifícanse debido ás prácticas do traballo non estándar, maioritario entre as traballadoras. Atkinson (2016) define este tipo de emprego como aquelas actividades laborais a tempo parcial ou con contratos de duración determinada, traballo estacional, teleemprego, traballo familiar e autoemprego; o que se coñece como traballo precario de acordo con Rodgers e Rodgers (1989), Marshall (1990), Rubio Campos (2010), Guadarrama e Silva (2012) e Benencia, Herrera e Levine (2012). As características que o definen son as seguintes: salarios baixos; diminución drástica das prestacións sociais; condicións de traballo inseguras e insalubres; inestabilidade crecente; escasas oportunidades de desenvolvemento profesional; xornadas laborais longas; emprego temporal; baixo grao de afiliación sindical; subcontratación, ausencia de formalización das relacións laborais e falta de posibilidade de acceder aos sistemas de saúde.

Segundo González Hernández e González Carrillo (2016) existen elementos que coadxuvan á reprodución das condicións desvantaxosas e a precariedade familiar, como o nivel educativo, a estrutura familiar e o ciclo de vida dos fogares, as condicións laborais e o acceso a subsidios. Partindo da importancia da reprodución social da precariedade familiar e os antecedentes mencionados por estes autores, tendo en conta a súa relación coas condicións laborais, neste traballo pretendemos contestar a seguinte pregunta: existen diferenzas no acceso ás prestacións laborais mínimas con base no xénero?

2. Metodoloxía

A nosa investigación realizouse a partir dun enfoque cuantitativo cun deseño non experimental de tipo transversal, subtipo correlacional. O instrumento utilizado foi de elaboración propia, con base na literatura, e incluíu unha escala da clase Thurstone de cinco puntos. Para este artigo preséntanse os achados relativos á dimensión 1, que trata das prestacións laborais mínimas (véxase a Táboa 1), na cal se obtivo un alfa de Cronbach de 0,783. Este resultado é axeitado de acordo con Werts, Linn, e Jöreskog (1974), que consideran un nivel aceptable equivalente a 0,700.

Táboa 1. Elementos da dimensión 1

	Elementos considerados
Dimensión 1 Prestacións mínimas do traballo	Salario digno, seguridade social ² , aguinaldo, participación nas ganancias, contratación formal, respecto da xornada laboral, pagamento de horas extraordinarias, programas de seguridade e hixiene no traballo, programas de saúde e programas de nutrición

Fonte: elaboración propia.

Os datos técnicos da investigación preséntanse na Táboa 2:

Táboa 2. Datos técnicos da investigación

Universo	257 599 traballadores
País de orixe	México
Mostra	406 traballadores
Erro da mostra	5%
Nivel de confianza	95%
Método da mostra	Aleatorio simple en cada estrato
Recolección de datos	Cuestionario aplicado en papel a persoas cunha relación laboral
Técnica estatística	Comparación de medias e análise de correlación
Programa estatístico	SPSS versión 21.0

Fonte: elaboración propia.

² Neste caso en concreto, afiliación ao Instituto Mexicano do Seguro Social.

O obxectivo deste estudo é analizar as diferenzas entre xéneros no acceso ás prestacións laborais mínimas do traballo. En concreto, buscamos corroborar as hipóteses que figuran na Táboa 3:

Táboa 3. Hipóteses

H1. Existen diferenzas nas medias das prestacións mínimas con base no xénero	Ho1. Non existen diferenzas nas medias das prestacións mínimas con base no xénero
H2. Existe asociación entre o xénero e o acceso a un salario digno	Ho2. Non existe asociación entre o xénero e o acceso a un salario digno
H3. Existe asociación entre o xénero e o acceso á seguridade social	Ho3. Non existe asociación entre o xénero e o acceso á seguridade social
H4. Existe asociación entre o xénero e o acceso ao aguinaldo	Ho4. Non existe asociación entre o xénero e o acceso ao aguinaldo
H5. Existe asociación entre o xénero e o acceso á participación nas ganancias	Ho5. Non existe asociación entre o xénero e o acceso á participación nas ganancias
H6. Existe asociación entre o xénero e o acceso a unha contratación formal	Ho6. Non existe asociación entre o xénero e o acceso a unha contratación formal
H7. Existe asociación entre o xénero e o respecto da xornada laboral	Ho7. Non existe asociación entre o xénero e o respecto da xornada laboral
H8. Existe asociación entre o xénero e o acceso ao pagamento de horas extraordinarias	Ho8. Non existe asociación entre o xénero e o acceso ao pagamento de horas extraordinarias
H9. Existe asociación entre o xénero e o acceso a programas de seguridade e hixiene no traballo	Ho9. Non existe asociación entre o xénero e o acceso a programas de seguridade e hixiene no traballo
H10. Existe asociación entre o xénero e o acceso a programas de saúde	Ho10. Non existe asociación entre o xénero e o acceso a programas de saúde
H11. Existe asociación entre o xénero e o acceso a programas de saúde e nutrición	Ho11. Non existe asociación entre o xénero e o acceso a programas de saúde e nutrición
H12. A mostra non provén dunha distribución normal	Ho12. A mostra provén dunha distribución normal

Fonte: elaboración propia.

3. Resultados

Os datos solicitados das medias do acceso ás prestacións mínimas do traballo non proviñeron dunha mostra normal (véxase a Táboa 4), polo que descarta a Ho12. Obtense

un nivel de significancia menor a 0,05 na proba de Kolmogorov-Smirnov, en que se usou a corrección de significación de Lilliefors, polo que se traballa con métodos de probas non paramétricas.

Táboa 4. Probas de normalidade

Media das prestacións mínimas do traballo	Xénero	Kolmogorov-Smirnov			Shapiro-Wilk		
		Estatístico	Gl	Sig.	Estatístico	Gl	Sig.
	Feminino	0,102	164	0,000	0,963	164	0,000
Masculino	0,107	233	0,000	0,737	233	0,000	

Fonte: elaboración propia.

A proba U de Mann-Whitney obtivo un valor de 5228, con $p = 0,033 < 0,05$ (véxase a Táboa 5), o que nos indica que existe unha diferenza entre as medias dos xéneros no tocante ao acceso ás prestacións mínimas laborais; por tanto, acéptase a H1.

Táboa 5. Proba U de Mann-Whitney

Estatísticos da proba	Prestacións mínimas
U de Mann-Whitney	5228,000
W de Wilcoxon	8969,000
Z	-2128
Sig. asintótica (bilateral)	0,033

A variable de agrupación foi o xénero.

Fonte: elaboración propia.

Na Táboa 6 identifícase que o rango medio de acceso ás prestacións mínimas do traballo é superior en 19,4 puntos no caso dos homes.

Táboa 6. Avaliación de rangos

	Xénero	N	Rango medio	Suma de rangos
Prestacións mínimas	Feminino	86	104,29	8969
	Masculino	146	123,69	18 059
	Total	232		

Fonte: elaboración propia.

Nas táboas 7 e 8 amósanse os datos estatísticos descritivos de acordo co xénero.

Táboa 7. Datos estatísticos descritivos por xénero (I)

Xénero		Salario social	Seguridade	Aguinaldo	Participación nas ganancias	Horario	
Feminino	N	Válidos	164	164	164	164	160
		Perdidos	0	0	0	0	4
	Media	3,61	3,99	3,99	2,93	3,45	
	Mediana	4,00	5,00	4,00	3,00	4,00	
	Moda	4	5	4	1	5	
Masculino	N	Válidos	233	233	231	232	233
		Perdidos	0	0	2	1	0
	Media	3,64	4,07	3,86	3,29	3,76	
	Mediana	4,00	5,00	4,00	4,00	5,00	
	Moda	4	5	4	5	5	

Fonte: elaboración propia.

Táboa 8. Datos estatísticos descritivos por xénero (II)

Xénero		Horas extra	Seguridade e hixiene	Saúde	Nutrición	
Feminino	N	Válidos	102	102	164	164
		Perdidos	62	62	0	0
	Media	—	1,93	1,72	2,93	
	Mediana	—	1,00	1,00	3,00	
	Moda	—	1	1	1	
Masculino	N	Válidos	174	173	231	232
		Perdidos	59	60	2	1
	Media	—	2,38	2,02	3,29	
	Mediana	—	1,00	1,00	4,00	
	Moda	—	1	1	5	

Fonte: elaboración propia.

Nas táboas que acabamos de presentar pode apreciarse un comportamento similar entre os xéneros. Así mesmo, cómpre destacarmos unha mesma falta de acceso aos programas de saúde e nutrición entre homes e mulleres. No tocante ás medias do pagamento de horas extraordinarias e da participación nas ganancias, como queda de relevo son

prestacións de cualificación baixa por parte das mulleres. A cualificación máis alta estivo representada polo acceso dos homes á seguridade social, cunha media de 4,07.

Tamén incluimos unha análise comparativa das medias de acceso ás prestacións laborais mínimas por sector económico (véxase a Táboa 9). Como pode observarse, o sector terciario é aquel en que se dan índices máis baixos de acceso ás prestacións laborais mínimas.

Táboa 9. Análise por sector económico (estadísticos)

Media PMT			
Primario	N	Válidos	10
		Perdidos	0
	Media	3,5156	
	Mediana	3,4778	
	Moda	4,90	
Secundario	N	Válidos	152
		Perdidos	0
	Media	3,7081	
	Mediana	3,8000	
	Moda	4,50	
Terciario	N	Válidos	241
		Perdidos	0
	Media	3,2665	
	Mediana	3,3750	
	Moda	3,00	

Existen varias modas. Móstrase o menor dos valores.

Fonte: elaboración propia.

Co fin de comprobar o nivel de correlación entre a variable xénero e cada un dos elementos que integran as prestacións laborais mínimas empregamos o coeficiente de correlación biserial por rangos (r_{rb}), xa que se trata dunha variable nominal e outra variable ordinal. De acordo con Palmer Pol, Jiménez López e Montaña Moreno (2000), unha vez dicotomizada a variable ordinal cómpre aplicar o coeficiente de correlación de Spearman (véxanse as táboas 10 a 16). Os resultados interprétanse da seguinte maneira: -1, correlación negativa perfecta; 0, ausencia de correlación; e +1, correlación positiva perfecta (Sampieri, Fernández e Baptista, 2010, p. 333).

Táboa 10. Correlacións (I)

			Xénero	Salario	Seguridade social	Aguinaldo
Rho de Spearman	Xénero	Coefficiente de correlación	1,000	0,038	0,033	-0,002
		Sig. (bilateral)		0,448	0,514	0,971
		N	397	397	397	394
	Salario	Coefficiente de correlación	0,038	1,000	0,107*	0,171**
		Sig. (bilateral)	0,448		0,031	0,001
		N	397	406	406	403
	Seguridade social	Coefficiente de correlación	0,033	0,107*	1,000	0,439**
		Sig. (bilateral)	0,514	0,031		0,000
		N	397	406	406	403
	Aguinaldo	Coefficiente de correlación	-0,002	0,171**	0,439**	1,000
		Sig. (bilateral)	0,971	0,001	0,000	
		N	394	403	403	403
	Participación en ganancias	Coefficiente de correlación	0,094	0,177**	0,458**	0,301**
		Sig. (bilateral)	0,062	0,000	0,000	0,000
		N	396	405	405	402
	Contratos formais	Coefficiente de correlación	-0,041	0,106*	0,326**	0,409**
		Sig. (bilateral)	0,419	0,033	0,000	0,000
		N	394	403	403	400

* A correlación é significativa ao nivel 0,05 (bilateral). ** A correlación é significativa ao nivel 0,01 (bilateral).

Fonte: elaboración propia.

Táboa 11. Correlacións (II)

			Participación en ganancias	Contratos formais	Respecto da xornada laboral	Pagamento de horas extra
Rho de Spearman	Xénero	Coefficiente de correlación	0,094	-0,041	0,085	0,092
		Sig. (bilateral)	0,062	0,419	0,094	0,079
		N	396	394	393	364
	Salario	Coefficiente de correlación	0,177**	0,106*	0,089	0,089
		Sig. (bilateral)	0,000	0,033	0,075	0,087
		N	405	403	402	373
	Seguridade social	Coefficiente de correlación	0,458**	0,326**	-0,028	0,077
		Sig. (bilateral)	0,000	0,000	0,578	0,136
		N	405	403	402	373
	Aguinaldo	Coefficiente de correlación	0,301**	0,409**	0,089	0,175**
		Sig. (bilateral)	0,000	0,000	0,074	0,001
		N	402	400	399	371
	Participación en ganancias	Coefficiente de correlación	1,000	0,166**	0,004	0,177**
		Sig. (bilateral)		0,001	0,944	0,001
		N	405	402	401	372
	Contratos formais	Coefficiente de correlación	0,166**	1,000	0,082	0,215**
		Sig. (bilateral)	0,001		0,103	0,000
		N	402	403	399	371

* A correlación é significativa ao nivel 0,05 (bilateral). ** A correlación é significativa ao nivel 0,01 (bilateral).

Fonte: elaboración propia.

Táboa 12. Correlacións (III parte)

			Programa de seguridade e hixiene	Acceso a programas de saúde	Programa de nutrición
Rho de Spearman	Xénero	Coefficiente de correlación	0,219**	0,101	0,084
		Sig. (bilateral)	0,000	0,094	0,166
		N	372	276	275
	Salario	Coefficiente de correlación	0,061	0,151*	0,189**
		Sig. (bilateral)	0,236	0,010	0,001
		N	381	285	284
	Seguridade social	Coefficiente de correlación	0,340**	0,212**	0,148*
		Sig. (bilateral)	0,000	0,000	0,013
		N	381	285	284
	Aguinaldo	Coefficiente de correlación	0,232**	0,168**	0,147*
		Sig. (bilateral)	0,000	0,005	0,014
		N	378	282	282
	Participación en ganancias	Coefficiente de correlación	0,309**	0,134*	0,124*
		Sig. (bilateral)	0,000	0,024	0,037
		N	380	284	283
	Contratos formais	Coefficiente de correlación	0,193**	0,192**	0,141*
		Sig. (bilateral)	0,000	0,001	0,017
		N	379	284	283

* A correlación é significativa ao nivel 0,05 (bilateral). ** A correlación é significativa ao nivel 0,01 (bilateral).

Fonte: elaboración propia.

Táboa 13. Correlacións (IV parte)

			Xénero	Salario	Seguridade social	Aguinaldo
Rho de Spearman	Respecto da xornada laboral	Coefficiente de correlación	0,085	0,089	-0,028	0,089
		Sig. (bilateral)	0,094	0,075	0,578	0,074
		N	393	402	402	399
	Pagamento de horas extra	Coefficiente de correlación	0,092	0,089	0,077	0,175**
		Sig. (bilateral)	0,079	0,087	0,136	0,001
		N	364	373	373	371
	Programa de seguridade e hixiene	Coefficiente de correlación	0,219**	0,061	0,340**	0,232**
		Sig. (bilateral)	0,000	0,236	0,000	0,000
		N	372	381	381	378
	Acceso a programas de saúde	Coefficiente de correlación	0,101	0,151*	0,212**	0,168**
		Sig. (bilateral)	0,094	0,010	0,000	0,005
		N	276	285	285	282
	Programa de nutrición	Coefficiente de correlación	0,084	0,189**	0,148*	0,147*
		Sig. (bilateral)	0,166	0,001	0,013	0,014
		N	275	284	284	282

* A correlación é significativa ao nivel 0,05 (bilateral). ** A correlación é significativa ao nivel 0,01 (bilateral).

Fonte: elaboración propia.

Táboa 14. Correlacións (V parte)

			Participación en ganancias	Contratos formais	Respecto da xornada laboral	Pagamento de horas extra
Rho de Spearman	Respecto da xornada laboral	Coefficiente de correlación	0,004	0,082	1,000	0,301**
		Sig. (bilateral)	0,944	0,103		0,000
		N	401	399	402	370
	Pagamento de horas extra	Coefficiente de correlación	0,177**	0,215**	0,301**	1,000
		Sig. (bilateral)	0,001	0,000	0,000	
		N	372	371	370	373
	Programa de seguridade e hixiene	Coefficiente de correlación	0,309**	0,193**	0,073	0,219**
		Sig. (bilateral)	0,000	0,000	0,158	0,000
		N	380	379	377	361
	Acceso a programas de saúde	Coefficiente de correlación	0,134*	0,192**	0,113	0,184**
		Sig. (bilateral)	0,024	0,001	0,058	0,003
		N	284	284	283	257
	Programa de nutrición	Coefficiente de correlación	0,124*	0,141*	0,155**	0,270**
		Sig. (bilateral)	0,037	0,017	0,009	0,000
		N	283	283	282	256

* A correlación é significativa ao nivel 0,05 (bilateral). ** A correlación é significativa ao nivel 0,01 (bilateral).

Fonte: elaboración propia.

Táboa 15. Correlacións (VI parte)

			Programa de seguridade e hixiene	Acceso a programas de saúde	Programa de nutrición
Rho de Spearman	Respecto da xornada laboral	Coefficiente de correlación	0,073	0,113	0,155**
		Sig. (bilateral)	0,158	0,058	0,009
		N	377	283	282
	Pagamento de horas extra	Coefficiente de correlación	0,219**	0,184**	0,270**
		Sig. (bilateral)	0,000	0,003	0,000
		N	361	257	256
	Programa de seguridade e hixiene	Coefficiente de correlación	1,000	0,261**	0,234**
		Sig. (bilateral)		0,000	0,000
		N	381	263	262
	Acceso a programas de saúde	Coefficiente de correlación	0,261**	1,000	0,535**
		Sig. (bilateral)	0,000		0,000
		N	263	285	283
	Programa de nutrición	Coefficiente de correlación	0,234**	0,535**	1,000
		Sig. (bilateral)	0,000	0,000	
		N	262	283	284

* A correlación é significativa ao nivel 0,05 (bilateral). ** A correlación é significativa ao nivel 0,01 (bilateral).

Fonte: elaboración propia.

No tocante ás restantes hipóteses, os resultados apoian de xeito concluínte a inexistencia de asociación entre o xénero e o acceso a un salario digno; xa que logo, rexéitase a H2 con $p > 0,05$ cun valor de 0,448, onde a asociación non é significativa (rho de Spearman de 0,038). A H3, que vincula o acceso á seguridade social co xénero, tamén se rexeita debido a que $p = 0,514$ e o nivel de correlación non é significativo (rho de Spearman de 0,033). No caso da H4, que postula a relación entre o xénero e a percepción de aguinaldo, temos un rho de Spearman de 0,002 e, daquela, asúmese que non existe unha asociación significativa entre as variables; a hipótese rexéitase de igual forma por $p > 0,05$, cunha puntuación de 0,971.

Acéptase a H_05 , segundo a cal non existe ligazón entre o xénero e o acceso á participación nas ganancias, xa que se atopou que $p = 0,062$, alén de se determinar un valor do rho de Spearman non significativo, de 0,094. Rexéitase tamén a H_6 , sobre a existencia de relación entre o acceso a unha contratación formal e o xénero, ao se obter que $p = 0,419$, cun rho de Spearman de -0,41, polo que non se identifica unha asociación significativa. E o mesmo ocorre coa H_7 , relativa á asociación entre o xénero e o respecto da duración da xornada laboral, que se rexeita por presentar un nivel de significancia de 0,094 e un rho de Spearman de 0,085.

Pola contra, de conformidade cos resultados debemos aceptar a H_8 , que nega o vínculo entre o xénero e o pagamento de horas extraordinarias, con $p = 0,079$ e un rho de Spearman de 0,092. Igualmente cómpre aceptarmos a H_9 , sobre a existencia de relación entre o acceso a programas de seguridade e hixiene e o xénero, pois $p = 0,0 < 0,05$. O nivel de correlación entre o xénero e o acceso a programas de seguridade e hixiene é significativo ao nivel 0,01 (bilateral), cun valor de 0,219, e unha correlación positiva débil. Canto á H_{10} , que postula a asociación entre o xénero e o acceso a programas de saúde, demostrouse que o nivel de correlación é feble, polo que o consideramos pouco significativo, cun rho de Spearman de 0,101 e un nivel de significancia de 0,094. Para concluír a análise, os resultados mostraron que a H_{11} , que vincula o xénero co acceso a programas de nutrición, debe rexeitarse, pois $p = 0,166$ e o rho de Spearman é de 0,084.

4. Conclusións

Existe unha perceptible diferenza entre as medias de mulleres e homes con respecto ao acceso ás prestacións mínimas laborais do traballo, mais nada leva a concluír que o xénero está relacionado con este comportamento. Requírese, por tanto, iniciar outros estudos que clarifiquen os factores que motivan tal falta de igualdade. Proponse desde aquí encetar novas liñas de investigación que indaguen sobre a orixe dos investimentos, os trazos dos sectores económicos e a formalidade ante instancias de fiscalización.

De igual xeito, unha vez que se identificou que no sector terciario o acceso ás prestacións mínimas do traballo é máis baixo, suxírese pescudar se este comportamento se dá nas actividades de vendas ou nas de servizos, e en que tipo de organizacións é máis visible a precariedade nas prestacións.

Por outra banda, acháronse informacións colaterais ao obxectivo desta investigación de grande interese. Por exemplo, que o acceso a contratos formais e o acceso á seguridade social están correlacionados de maneira significativa (rho de Spearman de 0,326), igual que o acceso a contratos formais e ao aguinaldo (rho de Spearman de 0,409), á participación nas ganancias (rho de Spearman de 0,166) e ao pagamento de horas extraordinarias (rho de Spearman de 0,215); e igual que o acceso a contratos formais e o acceso a programas de seguridade e hixiene (rho de Spearman de 0,193) e o acceso a programas de saúde (rho de Spearman de 0,192). Con base nestes resultados suxírese afondar no impacto da contratación formal como elemento que diminúe a precariedade laboral (véxase a Táboa 9).

Outro achado foi a correlación positiva, cun rho de Spearman de 0,301, entre o pagamento de horas extra e o respecto da xornada laboral. Aconséllase seguir a investigar nesta liña para verificar se só existe unha correlación ou ademais podemos falar dunha dependencia que indique causalidade.

Por último, de conformidade cos nosos achados, cómpre poñermos de relevo as diferenzas no acceso ás prestacións entre homes e mulleres. As mulleres presentan resultados inferiores en relación cos homes en particular no acceso á participación nas ganancias, os contratos formais e os programas de seguridade e hixiene. Así mesmo, os resultados mostran que as mulleres contan cunha moda de 1 en catro das dez prestacións estudadas, o que quere dicir que non teñen acceso a elas; falamos da participación nas ganancias, o pagamento de horas extraordinarias, o acceso a un programa de saúde e o acceso a un programa de nutrición. Os homes só teñen unha moda de 1 no caso do acceso a programas de saúde e o acceso a programas de nutrición (véxase a Táboa 7).

Referencias bibliográficas

- ABRAMO, L. (2003) [en liña] *Costos laborales de hombres y mujeres en países de América Latina: mitos y realidad*. Disponible no enderezo web <<https://bit.ly/2NLUtdg>>.
- AGUILAR-MORALES, J. E. e BLANCO-RUIZ, R. (2008) «Selección de personal e igualdade de oportunidades: características de las convocatorias en línea» *Centro Regional de Investigación en Psicología* 2(1), pp. 21-26. Disponible no enderezo web <<https://bit.ly/2ykg3Rq>>.
- ATKINSON, A. (2016) *Desigualdad. ¿Qué podemos hacer?* Cidade de México, Fondo de Cultura Económica.

- BENENCIA, R.; HERRERA, F. e LEVINE, E. (coords.) (2012) *Ser migrante latinoamericano, ser vulnerable, trabajar precariamente*. Barcelona, Anthropos.
- DUBET, F. (2015) *¿Por qué preferimos la desigualdad?* Bos Aires, Siglo Veintiuno Editores.
- FORO ECONÓMICO MUNDIAL (2016) *The Global Gender Gap Report 2016*. Xenebra, Foro Económico Mundial. Disponible no endereço web <<https://bit.ly/2eKoACq>>.
- GONZÁLEZ HERNÁNDEZ, J. R. e GONZÁLEZ CARRILLO, Y. G. (2016) «Jefatura femenina y reproducción precaria familiar de los hogares de la ciudad de Zacatecas-Guadalupe. Rasgos y tendencias de 2004 a 2012» *Caleidoscopio* número especial sobre xénero, pp. 153-177. Disponible no endereço web <<https://bit.ly/2yIOEhE>>.
- GUADARRAMA, R. e SILVA, L. (2012) «Precariedad laboral y heterogeneidad ocupacional: una propuesta teórico-metodológica» *Revista Mexicana de Sociología* 74(2), pp. 213-243. Disponible no endereço web <<https://bit.ly/2RWd8Gv>>.
- MARSHALL, A. (1991) «Empleo temporario y empleo incierto: dos caras del trabajo “temporario” en la Argentina» *Desarrollo Económico* 31(122), pp. 265-278.
- MARSHALL, A. (1990) *Formas precarias de trabajo asalariado: dos estudios en el área metropolitana de Buenos Aires*. Xenebra, Instituto Internacional de Estudios Laborais.
- MARTÍNEZ, I. e ACEVEDO, G. (2004) «La brecha salarial en México con enfoque de género: capital humano, discriminación y selección muestral» *Ciencia UANL* 7(1), pp. 66-71. Disponible no endereço web <<https://bit.ly/2Or8TEO>>.
- ORGANIZACIÓN INTERNACIONAL DO TRABALLO (OIT) (2016a) *World Employment and Social Outlook: Trends 2016*. Xenebra, OIT. Disponible no endereço web <<https://bit.ly/1QmKZDX>>.
- ORGANIZACIÓN INTERNACIONAL DO TRABALLO (OIT) (2016b) [en liña] *Perspectivas laborales y sociales en el mundo. Tendencias en 2015. Resumen*. Disponible no endereço web <<https://bit.ly/2J4fsr1>>
- PALMER POL, A.; JIMÉNEZ LÓPEZ, R. e MONTAÑO MORENO, J. J. (2000) «Tutorial sobre coeficientes de correlación con una o dos variables categóricas» *Revista Electrónica de Psicología* 2(4). Disponible no endereço web <<https://bit.ly/2J1bJdO>>.
- RODGERS, G. e RODGERS, J. (eds.) (1989) *Prekarious Jobs in Labour Market Regulation. The Growth of Atypical Employment in Western Europe*. Xenebra, Instituto Internacional de Estudios Laborais. Disponible no endereço web <<https://bit.ly/2AdPxu3>>.
- RUBIO CAMPOS, J. (2010) «Precariedad laboral en México. Una propuesta de medición integral» *Revista Enfoques* 8(13), pp. 77-87. Disponible no endereço web <<https://bit.ly/2pZ20Mw>>.

SALAS, C. e LEITE, M. (2007) «Segregación sectorial por género: una comparación Brasil-México» *Cuadernos PROLAM/USP* 7(2), pp. 241-259. Disponible no enderezo web <<https://bit.ly/2CPOwek>>.

SAMPIERI, R.; FERNÁNDEZ, C. e BAPTISTA, P. (2010) *Metodología de la investigación*. México, McGraw Hill.

SZÉKELY, M. (2007) [en liña] *Un nuevo rostro en el espejo: percepciones sobre la discriminación y la cohesión social en México*. Disponible no enderezo web <<https://bit.ly/2RTX209>>.

WERTS, C. E.; LINN, R. L. e JÖRESKOG, K. G. (1974) «Interclass Reliability Estimates, Testing Structural Assumptions» *Educational and Psychological Measurement* 34 (1), pp. 25-33.